

DÍA 31

A proposta de hoxe está relacionada con un conto que nos gusta moito a todos na nosa aula e que tivemos a oportunidade de contarlles aos nenos e ás nenas de Educación Primaria, que tamén lles gustou moito:

1, 2, 3 A CONTAR CACAS!

Para esta proposta tamén tiven que pedirlle axuda a Sole para que se gravase e así, entre todos, recordemos as cacas que facía cada animal, pois propóñovos facer algo parecido ao que fixo Sole con estas letras.



Para isto aconséllorvos que empreguedes productos que teñades na casa como macarróns, lentellas, fabas, arroz (podedes pintalo con témpera), purpurina, plastilina,... o que se vos ocorra. Tamén podedes colorear algunha das súas partes.

Sole mandáravos a cada un de vós un animaliño que teredes que encher con eses produtos.

Unha vez que o teñades listo, enviádelle unha fotografía por correo electrónico e tamén podemos xuntalos todos para elaborar un libro, que vos parece?

Aquí vos deixo algún exemplo, pero xa sabedes o que vos recorda Sole sempre, nenos e nenas, O IMPORTANTE É INTENTALO, COMO NOS SAIA!

Ademais as vosas familias seguro estarán encantadas de axudarvos, así que recordades as palabras máxicas para pedir axuda?



Deica mañá,

